

O patrimonio inmaterial galego-portugués: riqueza e diversidade

Santiago Veloso Troncoso

O recoñecemento da cultura inmaterial galego-portuguesa como patrimonio da humanidade

O patrimonio inmaterial galego-portugués abrangue un conxunto de prácticas e manifestacións asociadas á tradición oral e vinculadas esencialmente cos ciclos agrarios e da natureza. Este universo patrimonial intégrase nun medio natural propio que configurou unha particular interpretación do mundo.

As expresións deste patrimonio concéntranse no actual territorio da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal e sucédense, a maior parte delas, ao longo do ano. Podemos considerar cinco ámbitos onde se manifesta a riqueza e a diversidade deste patrimonio:

1. Un patrimonio asociado ás actividades agro-marítimas e fluviais

Un dos espazos máis significativos de distinción, referido a este espazo xeográfico, é a costa litoral, onde a natureza do mar e o saber do agricultor deron orixe a unha cultura inmaterial impar ligada ás actividades agro-marítimas do litoral do Norte de Portugal e de Galiza.

A navegación e a pesca son as actividades máis importantes, relacionadas co mundo mariño, pero non son as únicas, pois tamén é preciso apuntar outras como, por exemplo, a apaña de argazo ou a carpintería de ribeira.

Para levar a cabo o seu traballo no mar, os mariñeiros, alén de teren un coñecemento do medio, teñen que usar barcos e aparellos apropiados. Debido á amplitude e á diversidade da costa, aparellos e barcos atinxiron unha variada tipoloxía con técnicas construtivas propias e unha nomenclatura asociada a estas embarcacións. Prácticas e saberes como as desenvolvidas polas redeiras ou os carpinteiros de ribeira aínda son hoxe un recurso esencial no desenvolvemento de moitas comunidades.

As comunidades mariñeiras galegas e portuguesas mantiveron sempre un contacto fluído, a través do mar, compartindo mesmo as marcas das embarcacións ou unha variada sabedoría nas artes de pesca.

Nos últimos anos, a preocupación e o interese pola cultura marítima ten acadado un considerábel avance da man da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (que integra a asociacións de Galiza e do Norte de Portugal).

2. Un patrimonio asociado ás actividades agrarias

O mundo rural está marcado polas actividades do ciclo agrario. Á volta deste modo de vida cotiá desenvolveuse un variado conxunto de prácticas e expre-

sións orais que sustentan unha cosmovisión e un particular xeito de diálogo coa natureza. As sementeiras, as esfoladas, as segadas ou as malladas foron sempre a ocasión ideal para afinar o canto e explorar a palabra. Actividades ás que está asociado un rico e profundo patrimonio oral. As cantigas, así como as danzas, están marcadas polo ritmo da vida agraria, polo traballo nos campos, principalmente nos momentos dos traballos comunitarios.

A cultura da terra, en Galiza e no Norte de Portugal foi sempre acompañada dunha actividade de cría de gando, con antecedentes na prehistoria e con testemuños na documentación da Idade Media e Moderna.

O modo de organización comunitaria dos montes baldíos ou comunais, que ten unha orixe remota e que xa se encontra referida na documentación medieval, mostra unha forma de propiedade plenamente vixente na actualidade, constituíndo un modo peculiar de explotación dos recursos naturais, en réxime comunitario. A adaptación ao medio natural nas zonas de montaña obrigou a unha secuencia estacional diferenciada para o inverno e para o verán.

A presenza dos cabalos en liberdade nos montes esixe que os propietarios xunten as manadas, polo menos unha vez por ano, coa finalidade de proceder á *rapa das bestas*, á marcaxe de animais ou á separación dos que están destinados á venda; tamén para seren usados para transporte ou para traballos agrarios. Tradicionalmente, a rapa é un traballo feito polos propietarios e seus familiares. É unha manifestación de carácter ancestral e única neste territorio, con profunda tradición nalgunhas zonas. Este tipo de actividade permite manter un tipo de gandería que se deu noutros lugares de Europa pero que xa desapareceu.

3. Un patrimonio asociado aos procesos e saberes artesanais

A sociedade agraria tradicional galego-portuguesa estivo condicionada pola necesidade de lograr unha supervivencia e conseguir unha desexada mellora do *status* económico. Os oficios sedentarios ou ambulantes, destinados a suplir necesidades, eran exercidos, xeralmente, por persoas que complementaban ou incrementaban os seus ingresos por esta vía. A práctica destes oficios deu lugar a coñecementos de singular importancia e a unha sabedoría popular significativa polo seu valor histórico ou pola súa supervivencia presente.

Estes oficios tiñan a súa razón de ser nunha sociedade preindustrial na cal o tempo era un ben para compartir cos demais. Por esta razón, algúns oficios están en pleno proceso de desaparición, substituídos pola mecanización. Con todo, aínda existe a posibilidade de revitalización destas prácticas en novos contextos, mantendo o seu valor simbólico.

As falas gremiais son códigos especiais cos que se comunican entre si os membros dalgúns antigos gremios de artesáns, traballadores ou vendedores ambulantes. A súa peculiaridade reside no seu carácter secreto e no alto grao de elaboración que presentan, fronte a outro tipo de xirias. Son falas totalmente crípticas, incomprendíbeis para os estraños ao gremio, e que foron gardadas en segredo até os

nosos días, negándose os seus falantes a ensinalas a persoas que non pertencesen ao grupo. En Galiza e en Portugal consérvanse cerca de vinte xirias deste tipo, pertencentes a gremios de cesteiros, telleiros, afiadores, canteiros, oleiros, músicos e vendedores ambulantes.

4. Un patrimonio asociado ao universo festivo, lúdico e de lecer

En Galiza e en Portugal, máis alá das expresións folclóricas propias e xenuínas de cada un, é fácil encontrar outro tipo de manifestacións que demostran unha inequívoca orixe común. A coincidencia temática e das estruturas gramaticais nas estrofas que se improvisan nas regueifas galegas e nos cantos ao desafío portugueses, o papel da gaita, as cadencias rítmicas presentes nos cantares derivados dun mesmo ciclo anual, as danzas de tipo gremial, o tipo de agrupamentos musicais, son algúns exemplos desas manifestacións comúns.

Consérvanse formas musicais de especial singularidade, algunhas baseadas en instrumentos como a *gaita*, semellante á que existe noutros lugares de Europa ou a *zanfona*, de evidente orixe medieval e hoxe con moi poucos practicantes.

No campo musical popular existiu e existe, desde tempos inmemoriais, unha forte intercomunicación entre ambos pobos.

Os traxes tradicionais, moi ricos e con grandes variantes locais reflicten a existencia dunha simboloxía (formas ornamentais, decorativas ou simbólicas) que data, nalgúns casos, da época castrexa. A presenza do ouro e a súa elaboración con iconografía milenaria están presentes en moitas variantes dos traxes tradicionais.

A festa como universal humano está especialmente desenvolvido coas inevitábeis adaptacións a novas circunstancias. Nas festas galaico-portuguesas combínanse referentes ecolóxicos ou naturalistas con outros de carácter simbólico. A pegada do cristianismo fixo que moitos dos rituais festivos fosen reinterpretados e adaptados á nova crenza.

Encontramos toda unha variada tipoloxía no universo festivo que vai desde as festas universais do ciclo anual, aquelas que están en relación con momentos importantes do periplo da terra á volta do sol, até as romarías centradas nun santuario ou as festas locais ou sectoriais.

O ciclo anual e o ciclo agrario son celebrados dunha maneira peculiar neste territorio. Entre as festividades cíclicas destacan os festexos da época do Nadal, do Entroido, os Maios e o San Xoán. Elementos mitolóxicos como a coca están presentes neste ciclo agrario, empregada incluso como predición das colleitas.

Diversas romarías están centradas en santuarios que veñen dun pasado remoto. Ademais da súa dimensión relixiosa, ten un especial valor sociocultural, que manifesta as inquietudes e a capacidade creativa do pobo. A súa importancia é moi desigual, e vai desde pequenos santuarios que concentran soamente uns poucos centos de romeiros, até as grandes celebracións ás cales aínda hoxe acoden varios millares de persoas. En todas estas festas hai un substrato de crenzas naturalistas precristiás que se conservan baixo unha manifestación relixiosa.

Unha ampla variedade de romarías encóntrase dispersa por este vasto territorio co manifestacións da tradición oral que se suceden nos máis variados espazos e acontecementos.

Non hai festa onde as cantigas e as danzas non estean presentes. A festa é a ocasión para manifestar a alegría por vivir ese momento de excepción do cotiá, pero é, tamén, a oportunidade para a improvisación, o canto, a regueifa, o desafío ou o relato oral.

5. Un patrimonio asociado a unha literatura de tradición oral

A existencia dunha tradición literaria de transmisión oral encontrou neste territorio unhas formas propias que deron lugar a unha lírica medieval de referencia universal. As cantigas de amigo constitúen a plasmación culta dunha tradición oral esvaecida de orixe popular.

Galiza e Portugal contan cunha vella tradición de relatos e composicións en verso, así como refráns ou adiviñas, que presupoñen un patrimonio con grandes coincidencias e mesmo identidades absolutas.

As composicións en verso, seguindo unha tradición que remonta á Idade Media están, en xeral, concibidas para ser cantadas; consecuentemente, os textos complementáanse con melodías tradicionais, como sucede coas chamadas *pandeiradas*, *alalás*, *cantares ao desafío*, etc.

No Norte de Portugal, o cantar ao desafío é común por todas partes mentres que en Galiza a regueifa é unha das manifestacións en grave risco de desaparición.

As cantigas de escarnio e maldizer e as críticas expresadas nas *regueifas* ou cantares ao desafío teñen un substrato coincidente nun mesmo espazo cultural separados por varios séculos. Sobre as afinidades nos cancioneros das dúas comunidades hai traballos de autores como Fermín Bouza Brey, Domingo Blanco ou Teófilo Braga.

No que se refire aos relatos orais equivalentes á prosa escrita, este patrimonio conta cunha imaxinativa e variada serie de *lendas e contos*. As lendas reflicten moi ben temas dunha sociedade paleotécnica que ten as súas raíces na Idade Media, e nelas aparecen algúns personaxes e temas que están documentados naquel período histórico.

Unha nova sensibilidade

Desde que a UNESCO institucionalizou a denominación do “patrimonio inmaterial”, en todo o mundo espertou unha conciencia do acervo que constitúe o soporte fundamental da identidade cultural dos pobos. A discutida e discutible división entre o patrimonio material e inmaterial non debe desenfocar a finalidade que promoven as proclamacións das Obras Mestras do Patrimonio Inmaterial da Huma-

nidade e a Lista Indicativa do Patrimonio Cultural Inmaterial. O efecto de difusión e sensibilización alcanzado polas primeiras proclamacións realizadas no ano 2001 chegaron a espazos e ámbitos sensibilizados no traballo coa denominada “cultura tradicional”.

Na Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal o eco destas primeiras proclamacións chegou ao entorno da Asociación Ponte... nas ondas! que viña realizando unha experiencia de comunicación entre xoves galegos e portugueses. Esta experiencia tiña evidenciado a existencia dunha cultura común compartida entre Galiza e Portugal.

Desde Ponte... nas ondas! divulgouse e transmitiuse o proxecto de Patrimonio Inmaterial da UNESCO e, ao mesmo tempo, promoveuse o coñecemento do patrimonio cultural común, un patrimonio que foi levado ás aulas e que serviu de xénese ao que sería a proposta da “**Candidatura das tradicións orais galego-portuguesas**” presentada por Ponte... nas ondas! en París co apoio dos gobernos de Portugal e España como a **Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués**.

O proceso de xestión desta Candidatura Multinacional respondeu aos criterios que a propia Unesco requiría e fomentaba para o caso dun patrimonio estendido por dous ou máis Estados:

- Iniciativa xurdida da sociedade civil.
- Participación das comunidades portadoras.
- Implicación das institucións.
- Patrimonio compartido por dous países.

E engadía aínda dous valores:

- Ser a primeira candidatura promovida por centros educativos de dous países da Unión Europea.
- Abordar un patrimonio cultural identitario dunha nova Eurorrexión no contexto europeo.

Unha cultura ancestral

Un patrimonio inmaterial galego-portugués como un dominio cultural no que se desenvolveu unha identidade que ten o seu fundamento na lingua común a ambas comunidades. Un patrimonio común que se mantivo inalterábel por riba da división política en dous Estados, con manifestacións que aínda hoxe conservan unha unidade formal e unha riqueza de expresións estendidas por todo o territorio da antiga Gallaecia.

O Norte de Portugal e Galiza caracterízanse por compartir un territorio cuns condicionantes ecolóxicos onde conviven expresións socioculturais semellantes que conforman un espazo cultural claramente caracterizado. A xeografía e a ecoloxía do territorio non só condicionaron aos seus habitantes as formas de interpretación do

seu universo simbólico senón que impuxeron a adopción de estratexias produtivas particulares.

A especial relación co territorio e a súa apropiación impregnou as súas vivencias e constitúe unha das características máis identificadoras deste patrimonio cultural. Na ocupación deste territorio destacamos tres circunstancias determinantes: a pegada do elemento castrexo, a transformacións producidas pola romanización e a emerxencia dunha lingua que unifica as tradicións culturais e as relacións sociais.

A conformación da lingua galega-portuguesa e a existencia dunha literatura medieval de prestixio constitúen aínda hoxe o tesouro compartido e o elemento umbilical de unión entre os países da lusofonía. Unha patrimonio que comparten os estudantes de Brasil, de Portugal ou de calquera país que teña nos seus currículos escolares o estudo da lingua galego-portuguesa.

Mais coa lingua viaxou tamén un patrimonio que levaron as persoas “portadoras” por todo o mundo. Por esta razón, temos elementos deste patrimonio cultural polos cinco continentes.

Ao mesmo tempo, esta cultura recibiu as achegas de pobos europeos desde as súas orixes a través da presenza de sucesivos poboadores que habitaron este territorio, celtas, romanos, suevos. Unha cultura mestiza e síntese dunha civilización plenamente europea da que o Camiño de Santiago constitúe o roteiro cultural vertebrador.

Un patrimonio para o futuro!

A identificación do patrimonio inmaterial coa cultura tradicional asociada ao mundo rural xunto con diversas prácticas de folclorización de determinadas manifestacións ten levado a que se asimile a revalorización deste patrimonio con procesos de fixación dun sistema de vida que en boa parte xa desapareceu na Eurorexión Galiza-Norte de Portugal.

Se algo caracteriza a este patrimonio inmaterial é a súa vitalidade e adaptación a novos contextos. Por esta razón, e dado que os contextos de transmisión “tradicional” están a desaparecer, é necesario adecuar as manifestacións deste patrimonio cultural a novos espazos onde se manteña o traspaso dos saberes asociados.

De acordo coa Convención para a Salvagarda do Patrimonio Oral e Inmaterial, ratificada por Portugal e España, a educación é un dos ámbitos onde se debe realizar a transmisión na sociedade actual. Neste sentido, o papel desenvolvido pola Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas! en relación co patrimonio inmaterial galego-portugués ten sido pioneiro e adiantado ao proposto na normativa internacional.

Un exemplo da asunción e actualización deste patrimonio por parte das novas xeracións é o proxecto Meniños Cantores. Un traballo inédito que agrupou os

mozos das escolas, músicos, artistas e escritores na posta en valor dun tesouro patrimonial compartido recreado nas voces do século XXI.

Na actual conxuntura histórica, a aposta da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués constitúe un desafío para o recoñecemento dunha unidade cultural que conforma o elemento identitario da Eurorexión Galiza-Norte de Portugal, construída até o de agora baixo actuacións exclusivamente económicas e políticas. Un recoñecemento que supón a visibilidade dunha marca distintiva das expresións culturais galego-portuguesas caracterizadas por unha unidade de prácticas sociais e simbólicas das que a tradición oral é a súa base orixinal. A excepcionalidade desta cultura está no feito de ser testemuña dun pasado que mantén no presente o sentimento de pertenza a unha cultura común.

Este recoñecemento leva asociadas (como así se contempla no dossier da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués) medidas de estudo, investigación, documentación, divulgación e transmisión sobre este patrimonio compartido por ambos estados. Neste sentido, o plan de salvagarda deste patrimonio debe realizarse por riba das fronteiras administrativas e coa coordinación de institucións transfronteirizas, como a xa creada Comunidade de Traballo Galiza-Norte de Portugal, aproveitando os recursos tecnolóxicos da “sociedade de información” para chegar ao mundo as expresións desta cultura milenaria.

O recoñecemento internacional desta identidade cultural leva a posta en valor do patrimonio cultural galego-portugués, reforza as relacións entre os países da lusofonía que comparten este patrimonio e presenta excelentes oportunidades de desenvolvemento e intercambios ao achegarse a unha comunidade de máis de 220 millóns de persoas.

Ademais, sitúa á cultura galego-portuguesa como unha identidade transnacional recomposta, compartida, fronte á tendencia á homoxenización cultural que vivimos no actual proceso globalizador.

Contribuirá á preservación e transmisión de bens culturais, que o actual proceso de “desagrarización” pon en risco de desaparición, como referentes identitarios. Favorecerá a toma de conciencia e, a súa vez, reafirmará a identidade cultural asociada a este patrimonio cultural.

A rendabilidade do recoñecemento do patrimonio da Eurorexión terá repercusións no desenvolvemento económico mediante a valorización dos recursos endóxenos como elementos dun desenvolvemento sustentábel. A posta en valor dos recursos patrimoniais permitirá a creación de produtos turísticos asociados a unha marca de calidade. A creación dunha marca de orixe de “**patrimonio inmaterial galego-portugués**” debe protexer e difundir aqueles bens culturais que identifiquen ao conxunto deste patrimonio.

No caso galego, pola propia historia, Galiza constitúe unha ponte de comunicación entre dous ámbitos culturais: o ámbito da lusofonía e o ámbito hispanoamericano. É evidente que as relacións culturais galegas, por razóns mesmo de diáspora e exilio, tiveron unha intensidade maior cos países hispanoame-

ricanos, quedando o ámbito lusófono limitado a Brasil e afastadas estas relacións do ámbito cultural. O recoñecemento deste patrimonio abrirá dunha vez por todas as portas a universos e espazos que comparten co territorio orixinario do elemento galaico-portugués toda unha ampla variedade de expresións e manifestacións culturais.

Santiago Veloso Troncoso (Asociación Ponte... nas ondas!).